



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. María Cristina González Santín

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **catro de setembro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora, a interventora adxunta D^a. María Cristina González Santín.

Non asiste o Sr. deputado don Xosé María Arias Fernández.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Reforma de instalación eléctrica de baixa tensión no recinto do Parque Móbil Provincial.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reforma de instalación eléctrica de baixa tensión no recinto do Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por Ferreiro Ingenieros.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7REEHKP5B6T2FT7VEUMAAWEA¹.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7REEHKP5B6T2FT7VEUMAAWEA.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV762PHLZEV4VDH42IQS6NDSMM.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7RHXZJHXZCTKPTUZNAGBAP5Y.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76EXSCEFO2USHJCM5C6IBWI4.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76EXSDFEE65NF2A55AKQBXGE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Reforma de instalación eléctrica de baixa tensión no recinto do Parque Móbil Provincial, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións,

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	2/66





entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 105.309,17 €, dos cales 18.276,80 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 9201.632”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: O INCIO.- Rehabilitación de firme LU-P-1306 “Megoxe (LU-651) – Seceda – Ferrería do Incio (LU-642)”, p.k. 21+124 a 24+886, regos con gravilla e LU-P-2503 “Incio (LU-642) – Foilebar – LU-P-5603”, p.k. 2+500 a 2+600 e 6+100 a 6+900, MBC.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: O INCIO.- Rehabilitación de firme LU-P-1306 “Megoxe (LU-651) – Seceda – Ferrería do Incio (LU-642)”, p.k. 21+124 a 24+886, regos con gravilla e LU-P-2503 “Incio (LU-642) – Foilebar – LU-P-5603”, p.k. 2+500 a 2+600 e 6+100 a 6+900, MBC, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV76EX7337VP4WRI2BEE557E54.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV76EXPPDQRSRGN4T6UAJYCOI ¹.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV76EXPPEF77YXN75T6HMBYWJ4.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV76EXQ4KB6Y6RMDSB4GLYX6N4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV76E3AOLNRD7WFSSZWFKAC74.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	3/66



7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV76E3APFFHMXNPJW5WMKUH7IE.

8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: O INCIO.- Rehabilitación de firme LU-P-1306 "Megoxe (LU-651) – Seceda – Ferrería do Incio (LU-642)", p.k. 21+124 a 24+886, regos con gravilla e LU-P-2503 "Incio (LU-642) – Foilebar – LU-P-5603", p.k. 2+500 a 2+600 e 6+100 a 6+900, MBC, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 226.965,62 €, dos cales 39.390,73 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando o reformado de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A FONSAGRADA no que solicita o reformado de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	4/66





1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	103	ALUMEADO PÚBLICO EN PALMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	--	29.232,22€	29.232,22€

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV
5. A Alcaldía do Concello de A FONSAGRADA a través de escrito con RE nº2026RT016983 de data 27/08/2026 solicita:
 - a) O reformado do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, concretamente o investimento nº 103, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica “... Debido ás dificultades técnicas así como á necesidade de minimizar o impacto visual e ambiental desta instalación,...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	103	IMPLANTACIÓN DE DOUS SISTEMAS FOTOVOLTAICOS AILLADOS PARA ALUMEADO PÚBLICO EN PALMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	--	29.232,22€	29.232,22€

6. A base 14, indica que “Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.

Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.

No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	5/66



do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente o reformado do proxecto do investimento relativo ao Concello de A FONSAGRADA que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A FONSAGRADA, e en consecuencia, aprobar o reformado do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSAGRADA	103	IMPLANTACIÓN DE DOUS SISTEMAS FOTOVOLTAICOS AILLADOS PARA ALUMEADO PÚBLICO EN PALMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	--	29.232,22€	29.232,22€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras”.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	6/66





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2ª.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Alfoz do Castrodouro, solicitando reformado de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de ALFOZ DO CASTRODOURO no que solicita a reformado de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ DO CASTRODOURO	4	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ADELÁN, CARBALLIDO, O CASTRO DE OURO, LAGOA E SAN PEDRO DE MOR, INCLUÍDO HONORARIOS	--	97.621,06€	97.621,06€

4. Por acordo da XG de data 17/07/2026 aprobouse o reformado do proxecto do investimento, quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ DO CASTRODOURO	4	MODIFICADO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ADELÁN, CARBALLIDO, O CASTRO DE OURO, LAGOA E SAN PEDRO DE MOR, INCLUÍDO HONORARIOS	--	97.621,06€	97.621,06€

5. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
6. A Alcaldía do Concello de ALFOZ DO CASTRODOURO a través de escrito con RE nº 2026RT017123 de data 31/08/2026 solicita:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página	

a) O reformado do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, concretamente o investimento nº 4, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica “.... incremento dos prezos...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ DO CASTRODOURO	4	MODIFICADO 2 ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ADELÁN, CARBALLIDO, O CASTRO DE OURO, LAGOA, INCLÚIDO HONORARIOS	--	97.621,06€	97.621,06€

7. A base 14, indica que “Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.

Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.

No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes”.

8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	8/66





Polo que vai dito, informase favorablemente o reformado do proxecto do investimento relativo ao Concello de ALFOZ DO CASTRODOURO que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado. A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de ALFOZ DE CASTRODOURO, e en consecuencia, aprobar a reformado de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
ALFOZ DO CASTRODOURO	4	MODIFICADO 2 ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ADELÁN, CARBALLIDO, O CASTRO DE OURO, LAGOA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	97.621,06€	97.621,06€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Quiroga. ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“ASUNTO: INFORME FAVORABLE

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	9/66



MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE QUIROGA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIÁS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE QUIROGA. ANO 2025

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/016568) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 8 de agosto de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE QUIROGA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIÁS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE QUIROGA. ANO 2025 por importe total de 288.773,75 € (dos que 248.699,75 € que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...)

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 248.699,75 € con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 (238.699,75 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 e 10.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 19 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Aprobar a modificación do acordo da xunta de goberno, de data 8 de agosto de 2025, polo que se aproba a concesión do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Quiroga. Ano 2025 no seguinte senso:

1º. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Quiroga. Ano 2025 por importe total de 288.7 (...).

2º. APROBAR O GASTO, POR IMPORTE DE 248.709,00 € CON CARGO AO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2025 (238.709,00 € NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 9420.76200 E 10.000,00 € NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 9420.46200) PARA CUBRIR OS GASTOS QUE SE DERIVEN DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DESTE CONVENIO”.

TERCEIRO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Quiroga, ano 2025 formalizouse o 23 de setembro de 2025.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	10/66	



CUARTO: O alcalde do concello de Quiroga remitiu, o 27 de agosto de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(…)

Vista a necesidade de poder ampliar o prazo de execución e xustificación para poder realizar as actuacións incluídas no devandito convenio,

SOLICITASE

A ampliación do prazo de execución ata o 31 de outubro de 2026 e o prazo de xustificación ata o 31 de novembro de 2026 das actuacións REXENERACIÓN DE ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS E SAN PEDRO DE LOR, ESPANDARÍZ, CASPEDRO E MARGARIDE E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EXISTENTE EN MARGARIDE e a adquisición dun camión de lixo Incluídas na liña 1 do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE QUIROGA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE QUIROGA, ANO 2025”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

- Na cláusula OITAVA.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	11/66	

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIONES

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común)
- o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Quiroga nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar texto da addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE QUIROGA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE QUIROGA. AÑO 2025 con csv IV76EXTCJXWTUXMD3T4WKFDVOI”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar na execución de varias actuacións no Concello de A Fonsagrada,, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“ASUNTO: INFORME FAVORABLE

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	12/66	



SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2025

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/016517) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:

“PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSAGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSAGRADA. ANO 2025 por importe total de 249.994,37 € cuxo contido é o seguinte: (...)

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 249.994,37€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de A Fonsagrada, ano 2025 formalizouse o 11 de novembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de A Fonsagrada remitiu, o 22 de xullo de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“ (...) Visto que na solicitude inicial do Convenio por erro, non se desglosou dentro do orzamento total da actuación, o importe correspondente aos honorarios técnicos.

Visto que no Proxecto definitivo da obra se desglosa o orzamento da actuación Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil da seguinte maneira:(...)

SOLICITO:

A modificación da Cláusula PRIMEIRA do Convenio de forma que na actuación: 2. Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil que conta cun orzamento total de 132363,23 €, se inclúan os honorarios técnicos (honorarios de redacción do proxecto e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde) co seguinte desglose: Adecuación e renovación de servizos en Rúa Marqués de Rodil. PBL: 124577,15 €

Honorarios técnicos (redacción do proxecto e dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde): 7786,08 €

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	13/66	

ORZAMENTO TOTAL: 132363,23 €"

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2026 acordou aprobar ao modificación do convenio para incluír os cambios solicitados dende o concello de A Fonsagrada.

Cuarto: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de A Fonsagrada, ano 2025 formalizouse o 3 de agosto de 2026.

Quinto: O alcalde do concello de A Fonsagrada remitiu, o 22 de xullo de 2026, dous escritos nos que se recolle o seguinte:

- "(...) Vista a imposibilidade de iniciar a obra 2. Adecuación de servizos en Rúa Marques de Rodil ata despois da Feiras de setembro xa que esta rúa é a vía de acceso ao Campo da Feira, a complexidade da actuación a realizar e o prazo de execución da obra.

Vista a CLÁUSULA OITAVA do dito Convenio que indica que a modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre e cando dito convenio esté vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015 do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

Visto que esta modificación non afecta as condicións esenciais do Convenio

En base ao anteriormente exposto

SOLICITO:

A modificación do prazo de execución das actuacións comprendidas dentro do Convenio e do prazo de xustificación do Convenio, establecendo como data límite de execución e xustificación o 30 de novembro de 2026".

- "(...) A actuación Núm. 3. Mellora de abastecemento no núcleo rural de Aldobré n e honorarios técnicos (honorarios de redacción de proxecto/s técnico/s ou, no seu caso, memoria/s técnica/s necesaria/s para a execución da actuación, segundo proceda legalmente e honorarios de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde que o requiran legalmente) o proxecto prevé a mellora do abastecemento de augas no Lugar de Aldobré n A Fonsagrada, realizando unha nova captación e mellorando a existente así como a canalización das mesmas.

Non obstante para a execución de dito proxecto resulta necesario proceder á apertura previa dos accesos aos mananciais onde se vai efectuar a captación xa que sen efectuar esta obra previa non sería posible realizar a obra de Mellora de abastecemento no núcleo de Aldobré n.

(...)

Por tanto, e en vista do anteriormente exposto e da necesidade de proceder á apertura previa do accesos os mananciais de captación, e tendo en conta que dita modificación non altera as condicións esenciais do Convenio, e tendo en conta o prazo de execución da obra

SOLICITO:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	14/66	



PRIMEIRO. A Substitución do Proxecto Mellora de abastecemento no núcleo rural de Aldobréñ e honorarios técnicos con importe total de 12.499,46 € polo seguinte proxecto: Mellora de accesos no lugar de Aldobréñ (A Fonsagrada) e honorarios técnicos co mesmo importe total: 12.499,46 €.

SEGUNDO.- A ampliación do prazo de execución e xustificación da obra ata o 30 de novembro de 2026”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

- Na cláusula OITAVA.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	15/66	

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
 - media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común)
 - o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
 - que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
 - e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
- dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de A Fonsagrada nos termos da segunda addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da segunda addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A FONSGRADA PARA COOPERAR NA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE A FONSGRADA. ANO 2025 con CSV IV76EXSDDN55X3VK7VXCK4DFAU”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“ASUNTO: INFORME

TERCEIRA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE” NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (Expte. 2026/PES_03/016632) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	16/66





ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2025, acordou, por unanimidade dos seus asistentes, aprobar a seguinte proposta:

“PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA FINANCIAR GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE” NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, AÑO 2025 por importe total de 579.983,59 € (dos que 500.000,00 serán financiados pola Deputación de Lugo e 79.983,59 € serán financiados polo concello de Antas de Ulla) cuxo contido é o seguinte: (...).

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 1 de xullo de 2025.

TERCEIRO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“(…)

EXPÓN:

Que na relación de actuacións incluídas na Liña 2 – Gasto Corrente do citado convenio figura o gasto corrente nº 13 relativo á “Reparación do quiosco das piscinas municipais”, cun importe de 6.000,00 €, así como o gasto corrente nº 14, cun importe de 43.650,05€.

Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario proceder a unha reordenación interna das actuacións de gasto corrente, sen que isto supoña incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio.

SOLICITA:

Que se autorice a modificación do gasto corrente nº 13 relativo a “Reparación do quiosco das piscinas municipais”, de xeito que desapareza como actuación independente, integrándose o seu importe de 6.000,00 € no gasto corrente nº 14, que

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página	

pasará a contar cun importe total incrementado en 6.000,00 €, mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.

Esta modificación non supón variación do importe total da Liña 2 nin do custo total do convenio, limitándose a unha redistribución interna do gasto corrente”.

Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2026, aprobar a modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

CUARTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 3 de febreiro de 2026.

QUINTO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 4 de agosto de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:

“(…)

EXPÓN:

Que na relación de actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos do citado convenio figura a actuación nº 11, relativa á "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", cun importe de 97.600,00 €.

Que o Concello de Antas de Ulla executou o "Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe", redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro, adxudicado mediante contrato menor de obras por Resolución de Alcaldía, por un importe de 48.338,60 €.

Que esta actuación conta cunha subvención parcial da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por importe de 20.000,00 €, concedida por Resolución do 28 de xullo de 2025 (expediente 2025-00000104-00, procedemento CT211B), resultando necesario completar o seu financiamento cos recursos xa comprometidos ao abeiro do convenio de cooperación coa Deputación de Lugo.

Que, por razóns de xestión e execución do gasto, resulta necesario destinar parte do importe da actuación nº 11, concretamente 20.720,00 €, ao financiamento do citado proxecto de posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe, quedando o seu financiamento total do seguinte xeito:

- Subvención da Xunta de Galicia: 20.000,00 €

- Achega con cargo ao convenio coa Deputación de Lugo: 20.720,00 €

- Achega do Concello de Antas de Ulla con fondos propios: 7.618,60 €

TOTAL: 48.338,60 €

Que a diferenza necesaria para completar o custo total do proxecto, unha vez descontadas a subvención da Xunta de Galicia e a achega con cargo ao convenio, será asumida polo Concello de Antas de Ulla con fondos propios, sen que isto supoña incremento ningún do importe total da Liña 1 nin do custo total do convenio.

Que esta reordenación non supón incremento do importe total subvencionado nin alteración do obxecto do convenio, senón unha redistribución interna das actuacións incluídas na Liña 1 – Investimentos, ao abeiro do disposto na cláusula OITAVA do

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	18/66





convenio e no artigo 49.g) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SOLICITA:

Que se autorice a modificación da actuación de investimento nº 11 "Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas", reducindo o seu importe en 20.720,00 €, quedando fixado en 76.880,00 €, e que se incorpore á Liña 1 – Investimentos do convenio, con cargo a este importe de 20.720,00 €, a seguinte nova actuación:

"Proxecto de investimento para a posta en funcionamento de novas aulas de lectura públicas municipais na antiga Casa do Conserxe": 20.720,00 € (con cargo ao convenio), sobre un custo total de 48.338,60 €, cofinanciado ademais cunha subvención da Xunta de Galicia de 20.000,00 € e cunha achega do Concello de Antas de Ulla, con fondos propios, de 7.618,60 € mantendo o resto das condicións establecidas no convenio.

(...)"

Polo que a Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 14 de agosto de 2026, aprobar a segunda modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende o concello.

SEXTO: A segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións "mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente" no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizouse o 18 de agosto de 2026.

SÉTIMO: A Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla achegou escrito, o 27 de agosto de 2026, no que literalmente se recolle o seguinte:

"(...)

QUINTO.- Que, no mesmo sentido, a cláusula quinta, apartado C), do Convenio admite expresamente a ampliación motivada dos prazos de xustificación por causas excepcionais non imputables ao Concello, o que evidencia que a vontade das partes asinantes, dende a propia subscrición do Convenio, foi a de permitir axustes nos prazos de execución e xustificación cando concorran circunstancias como as sinaladas.

SEXTO.- Que a data límite fixada na cláusula sétima do Convenio para a aprobación da conta xustificativa (31 de decembro de 2026), así como a data límite de vixencia do propio Convenio (31 de xaneiro de 2027), permiten acomodar sen dificultade a ampliación que se solicita, sen que iso supoña sobrepasar o límite temporal do artigo 49.h) da Lei 40/2015 nin causar prexuízo a dereitos de terceiros.

SOLICITA Que se teña por presentada esta solicitude e que, logo dos trámites que legal e regulamentariamente procedan, se acorde a modificación do Convenio, mediante a subscrición da oportuna addenda, no seguinte sentido:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	19/66



- a) Ampliar o prazo de execución das actuacións da Liña 1 (Investimentos), establecido na cláusula 4.2, punto 5, do Convenio, desde o 30 de setembro de 2026 até o 30 de novembro de 2026.
- b) Ampliar o prazo para a presentación da conta xustificativa dos gastos da Liña 1, establecido na cláusula quinta, apartado C), do Convenio, desde o 31 de outubro de 2026 até o 30 de novembro de 2026 (...).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

- Na cláusula OITAVA.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

SEGUNDA: No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

TERCEIRA: En canto ao órgano competente para aprobar a terceira addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	20/66





- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
 - media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
 - o novo prazo non excede da metade do prazo previsto
 - que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
 - e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
- dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, formalizado o 1 de xullo de 2025 e modificada o 3 de febreiro de 2026 e o 18 de agosto de 2026, nos termos da terceira addenda incorporada ao expediente, para incorporar o solicitado pola alcaldesa do concello”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o texto da terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no concello de Antas de Ulla, ano 2025, con CSV IV76EXX7DTVMYX6YS4A5MRPDOM”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4ª.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Creación dunha cociña comunitaria” no concello de A Ribeira de Piquín, ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“ASUNTO: INFORME FAVORABLE

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “CREACIÓN DUNHA COCIÑA COMUNITARIA” NO CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN, ANO 2026

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	21/66	

En relación ao asunto de referencia (EXP 2026/PES_03/016345) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o concello de Ribeira de Piquín solicítase a formalización dun convenio para cooperar no financiamento da seguinte actuación:

ACTUACIÓN: CREACIÓN DUNHA COCIÑA COMUNITARIA	CUSTE TOTAL
1. Instalación cociña comunitaria no centro de día da residencia de Ribeira de Piquín e honorarios de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación e honorarios da dirección de obra e a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da actuación que se requiran legalmente	66.419,38 €
2. Adquisición de equipamento para cociña comunitaria de Ribeira de Piquín - 1 Armario de refrixeración: 4.061,97 € - 1 Mesa mural con seno: 4.230,16 € - 1 Mesa de refrixeración: 2.949,98 € - 1 Elemento neutro con caixón e base: 1.076,72 € - 1 Fry top lisa a gas con base aberta: 4.846,05 € - 1 Cociña a gas catro fogos con base: 3.611,85 € - 1 Mesa central: 2.253,02 € - 2 Elemento neutro con base: 2.112,66 € - 1 Freidora a gas 15 lt: 2.958,45 € - 1 Campana central: 8.136,04 € - 1 Caixa de extracción: 3.763,10 €	40.000,00 €
CUSTE TOTAL	106.419,38€

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO (AGADER)
54.887,12 €	15.532,26€	36.000,00 €
TOTAL: 106.419,38 €		

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	22/66





Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página	

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	24/66





financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 - b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 - c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 - d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
 - e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 - f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 - g) Réxime de modificación do convenio.
 - h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 - 1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 - 2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”.

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
- 2. O seu impacto económico cuantificado.
- 3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
- 4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	25/66



SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMA.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEGUNDA. Pola súa banda, o Municipio de Ribeira de Piquín, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 (cuxo convenio tipo aprobado recolle a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación)

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	26/66





CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 54.887,12 €, na aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente Orzamento Xeral.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “CREACIÓN dunha cociña comunitaria” NO CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN, ANO 2026 por importe total de 106.419,38 € (dos que 54.887,12 € serán asumidos pola Deputación) con CSV IV763WP7JUOSQWE527UXCYICF4

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 54.887,12€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Burela para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XL Feira do bonito” ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	27/66	

“ASUNTO: INFORME FAVORABLE

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “XL FEIRA DO BONITO” ANO 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP 2026/PES_03/016332) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o concello de Burela solicítase a formalización dun convenio para cooperar no financiamento da seguinte actuación:

Actuación: XL FEIRA DO BONITO
- Promoción e publicidade: 5.100,00 €
- Actuacións musicais: 12.848,80 €
- Alugueiro de equipamento musical (son, iluminación): 13.310,00 €
- Alugueiro camerinos artistas: 1.500,00 €
- Alugueiro de baños químicos: 2.420,00 €
- Alugueiro de carpas: 12.925,22 €

Por importe total de 48.104,02 € (dos que 18.104,02 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 30.000,00 € serán financiados con outras fontes de financiamento)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolto económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais,

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	28/66	



preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	29/66	

Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	30/66





CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:

-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

-Réxime de modificación do convenio.

-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMA.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	31/66



entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA. Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEGUNDA. Pola súa banda, o Municipio de Burela, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 (cuxo convenio tipo aprobado recolle a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación)

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 18.104,02 € na aplicación orzamentaria 9420 46200 do vixente Orzamento Xeral.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	32/66





SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “XL FEIRA DO BONITO” ANO 2026 por importe total de 48.104,02 € (dos que 18.104,02 € son financiados pola Deputación e 30.000,00€ son financiados con outras fontes de financiamento) con CSV IV763W2MDAONL37L3V6UON76OI

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 18.104,02 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6º.- Proposta de aprobación da concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, a favor da entidade Asociación As San Lucas, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “San Lucas, terra de encontros”, na anualidade 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“Vista a documentación remitida por don Miguel Paz Sixto, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS, con NIF G27438233, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “San Lucas, Terra de Encontros”, polo importe de 35.000,00€, na anualidade 2026 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000069), procede emitir o seguinte INFORME:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	33/66



ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO: O Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2026 foi definitivamente aprobado por acordo plenario de data 30 de decembro de 2025, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2026-2028), así como o Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, e que foron publicados no BOP de Lugo núm. 035 do 31 de xaneiro de 2026.

TERCEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2026, adoptou a seguinte proposta de acordo:

“PRIMEIRO: Que se aprobe a seguinte documentación (CSV: IV7RQUCOB5H4WT6Z7V7VF5YX6A).

1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 €, que se relacionan a continuación

- Anexo I. Solicitude

- Anexo II. Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante.

- Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.

- Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

2. As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

3. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

- Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual, a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades

- Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

(...)

SEGUNDO: Determinar que soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.

TERCEIRO: Publicar na páxina web do ente provincial:

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	34/66





- Os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.
- As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).

(...)

QUINTO: Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio”.

CUARTO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2026, adoptou a seguinte proposta de acordo:

“Aprobar a corrección do erro material detectado e se suprima o parágrafo “tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta” da cláusula sétima dos convenios tipo aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de febreiro de 2026”.

QUINTO: Consta providencia, de Presidencia, de impulso de expediente onde se establece o seguinte:

“Vista a solicitude realizada por don MIGUEL PAZ SIXTO, en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “San Lucas, Terra de Encontros”, polo importe de 35.000,00€, na anualidade 2026 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000069), esta Presidencia impulsa a súa tramitación a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, en base ás seguintes consideracións:

Primeiro.- O obxecto da amentada subvención ten encaixe dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, contribuíndo a conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)”.

Dentro desta mesma liña prevense, entre outros, os obxectivos específicos de fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; favorecer aquelas actividades que inflúan de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural; así como o fomento do asociacionismo como instrumento para canalizar a organización da

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	35/66



sociedade civil para a realización de actividades comúns. Neste sentido, a actuación obxecto de subvención, considerada de interese público, social e económico, contribúe ao obxectivo estratéxico de xerar riqueza territorial e social, e por ende, ao desenvolvemento económico e social, tanto local como provincial. Así, a través do seu desenvolvemento, impúlsase e favorécese unha cultura participativa e de colaboración social, na que a propia veciñanza, coa súa participación, contribúe á xeración de riqueza (territorial e social), entendida no seu aspecto máis amplo (cultural, social, histórico, medioambiental, lúdico, antropolóxico, etc.).

Segundo.- O outorgamento desta subvención realízase ao amparo do previsto no artigo 22.2 apartado c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), xa que:

- Concorren razóns de interese público, social e económico:

Na actuación obxecto de subvención concorren amplas razóns de interese xeral, público, social e económico, (entre outros moitos). A través da mesma, preténdese fortalecer e consolidar o movemento asociativo e de colaboración, como instrumento estratéxico adecuado e eficaz para o desenvolvemento económico e social do territorio provincial e da súa veciñanza. E todo isto, mediante diferentes actividades que, no no seu conxunto, xeran riqueza dende diferentes eidos (cultural, social, histórico, económico, lúdico, turístico, etc), utilizando a participación veciñal (social) como elemento potencial diferenciador e de sostibilidade.

Este tipo de actuacións, especialmente nas zonas rurais, fortalecen e consolidan o asociacionismo e a participación veciñal no territorio, sendo un dos mellores instrumento ou ferramentas para a cohesión territorial e social, así como para o desenvolvemento rural e a dinamización comunitaria da provincia.

Nestas zonas rurais, especialmente nas máis afastadas, de menor tamaño, e menos poboadas, con tendencia ao despoboamento, a realización de actuacións de tipo comunitario de participación veciñal, configúrase como a mellor estratexia cara o seu desenvolvemento social, económico e territorial.

Polo tanto, considéranse sobradamente xustificadas os intereses público, xeral, social e económico da actuación.

- Dificultade para levar a cabo unha convocatoria pública:

Estamos ante unha actuación tan específica, singular e determinante (tanto polas súas características propias, circunstancias que a rodean, así como polo horizonte temporal no que se realiza), na que existen enormes dificultades, por non dicir, imposibilidade, para ser fomentada a través do procedemento ordinario de concesión das subvencións (concorrenza competitiva), a través dunha convocatoria pública, e na que poidan participar outros posibles beneficiarios, polos seguintes motivos:

- Por un lado, a singularidade da entidade promotora e beneficiaria da actuación, sen ánimo de lucro, que representa e constitúe un leito específico da participación cidadá no ámbito territorial do concello de Mondoñedo. Posúe unha clara vocación de servizo á comunidade (sociedade), mediante a promoción e o desenvolvemento de iniciativas de carácter plural e aberto á participación social, de tipo festivo, cultural, tradicional e social, que contribúen á conservación e transmisión dun patrimonio histórico e etnográfico profundamente vencellado á identidade de Mondoñedo (territorio e cidadanía). Os seus múltiples obxectivos xiran en torno ao territorio e á sociedade (veciñanza do concello de Mondoñedo), coa procura do seu

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	36/66





desenvolvemento económico e social, nas súas diferentes vertentes, e promovendo sempre a participación cidadá e a convivencia, así como a cooperación entre a sociedade civil, o tecido económico local e as distintas administracións públicas, como ferramenta para acadar os seus obxectivos.

Polo tanto, trátase dunha entidade que persegue uns obxectivos, posúe uns valores e unha experiencia, e atesoura un saber facer e unha capacidade de mobilización social, dificilmente comparable con outras, non só a nivel local no concello de Mondoñedo senón, incluso a nivel provincial.

Estas circunstancias configúranas como practicamente a única, con capacidade para desenvolver e executar a actuación con garantías de eficiencia e eficacia; e asegurando así transparencia, obxectividade e unha correcta aplicación dos fondos públicos, acorde e adecuada coa consecución dos obxectivos xerais pretendidos.

- Doutra banda, a propia actuación en si. Esta, incardínase nas liñas prioritarias de actuación para a provincia, previstos no vixente plan estratéxico. A ausencia de apoio á mesma favorece o debilitamento, ou incluso a desaparición, das estruturas veciñais básicas para a participación democrática local.

A natureza concreta e localizada da actuación, no ámbito territorial do concello de Mondoñedo, nun momento temporal concreto, fai que non sexa susceptible de comparación obxectiva con outras posibles iniciativas, nin a nivel local, nin incluso provincial. Así, o feito de que se desenvolva nunhas datas concretas (aproveitando a capacidade de convocatoria doutros festexos locais, cunha temática máis determinada e concreta) infúndenlle un carácter de singularidade, diferenciación e exclusividade, que a converten en practicamente única (persegue múltiples obxectivos xerais dende unha estratexia de transversalidade).

Polo tanto, tanto a singularidade da entidade promotora, como as características da actuación que pretende promover, podemos dicir que dificultan, por non dicir que impiden, o desenvolvemento dunha convocatoria pública, na que encaixar a actuación, e na que puideran participar outras posibles entidades (que desenvolvan actuacións semellantes ou comparables, que contribúan aos mesmos obxectivos estratéxicos).

Neste sentido, non sería lóxico nin coherente (dende o punto de vista dunha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos), desenvolver unha convocatoria pública na que unicamente puideran participar contadas entidades, para o desenvolvemento de actuacións moi concretas e determinadas (como ocorre neste caso).

Debe terse en conta ademais que, o desenvolvemento dun procedemento de concorrência competitiva alonga os tempos do procedemento de concesión da subvención, e por ende, da achega dos recursos pretendidos, podendo condicionando esta circunstancia a viabilidade da actuación.

Polo tanto, por canto vai dito, enténdese que está sobradamente xustificada a dificultade ou imposibilidade para desenvolver unha convocatoria pública na que puidera ter encaixe a actuación a subvencionar, sendo o concesión directa o

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	37/66



mecanismo máis adecuado para acadar os obxectivos pretendidos (en tempo, oportunidade e custe).

- Carácter singular do obxecto da subvención.

A actuación a subvencionar “San Lucas, Terra de Encontros”, ostenta un carácter singular e unhas condicións específicas que a diferencian e individualizan doutras actuacións, tanto da propia entidade promotora, como doutras entidades (a nivel local ou provincial), xa realizadas ou con previsión de realización.

Trátase dunha actuación específica, puntual, delimitada temporalmente (condicionada por outros eventos na mesma localidade), non estrutural nin repetitiva, que non xera distorsión competitiva, e a través da cal non financian gastos ordinarios permanentes: polo que, a súa excepcionalidade ven determinada pola súa natureza e localización, non sendo polo tanto, susceptible de comparación obxectiva con outras posibles iniciativas a nivel provincial.

A actuación está vencellada a un ámbito territorial específico da provincia (concello de Mondoñedo), no cal a entidade promotora e beneficiaria eríxese e configúrase como referente e representativa da participación veciñal (social), non existindo alternativa equivalente en dito ámbito, pois pode entenderse como a única que reúne as condicións técnicas, implantación e representación territorial ou recoñecemento institucional necesario e adecuado para executar a actuación.

A actuación pretende aproveitar a capacidade de convocatoria e atracción doutros eventos a nivel local, xerando sinerxias, tentando acadar obxectivos estratéxicos de maior calado e transcendencia territorial e social, na que a veciñanza (sociedade) actúa como partícipe e colaboradora. Combina unha ampla e variada serie de aspectos e obxectivos de tipo económico, social, histórico, artístico, cultural, turístico, medioambiental, etc, que, no seu conxunto, contribúen ao obxectivo estratéxico de xeración de riqueza, no seu aspecto máis amplo.

En resumo, o obxecto da actuación, e por ende, a propia actuación, posúe un carácter singular incuestionable”.

SEXTO: O/A representante da entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 50 % sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 17.500,00€, con dispensa de garantía, declarando que presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece no seu artigo 22.2 c) que, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), determina no artigo 67 que, “Poderán concederse directamente, con carácter excepcional, as subvencións a que se refire a letra c) do apartado 2 do artigo 22 da LXS”. No mesmo senso se

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	38/66





expresa o artigo 19.4 apartado c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na base 24 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 establécese o seguinte:

“(…)

3. Principios Xerais

(…)

Concesión directa: As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrência competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:

(…)

- Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

(…)”.

E no mesmo senso, se pronuncia o artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP de Lugo núm. 009, do 11 de xaneiro de 2024 e a corrección de erros no BOP de Lugo núm. 038 do 15 de febreiro de 2025).

SEGUNDA: Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación dispónse o seguinte:

- Artigo 1. obxecto

“(…)

A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral de Subvencións deberá estar vinculada a algún dos obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente”.

- Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública

“1. Con carácter excepcional, poderán concederse directamente subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. Estas subvencións non poderán superar o límite establecido nas bases de execución do orzamento e/ou no Plan estratéxico de Subvencións vixentes.

3. O procedemento de concesión iniciárase a instancia de suxeito interesado.

4. Iniciado o procedemento, deberá emitirse:

- informe suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.

- borrador de convenio canalizador da subvención, suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	39/66	

subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:

- a) O obxecto da subvención e os seus beneficiarios.
 - b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.
 - c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.
 - d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.
 - e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
5. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.

A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación”.

TERCEIRA: Órgano competente para a concesión da subvención.

- O artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece que os órganos competentes para a concesión de subvencións serán son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento xeral.

-Na base 24.4 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 dispónse o seguinte:

“(…)

Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. (...)”

CUARTA: Trámites procedimentais.

No que se refire aos trámites procedimentais, relativos á aprobación do convenio que instrumenta a axuda, á concesión da subvención e á aprobación do gasto, e tendo en conta o disposto na Base 36 de execución do orzamento provincial para o ano 2026, que regula o alcance da fiscalización de gastos e ingresos, deben constar no expediente administrativo os seguintes documentos:

- Que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
- Se é o caso, existencia de Convenio regulador da subvención.
- Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	40/66





- Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Así mesmo, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, o requisito de existencia de crédito adecuado e suficiente para a tender ás obrigas de contido económico que se deriven da concesión da subvención (art. 9.4.b) LXS e 6.4b) LSG).

QUINTA: A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 34.4 establece que, "(...) poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

En ningún caso se poderán realizar pagos anticipados a beneficiarios cando solicitara a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso".

Prevé tamén que, a realización dos pagamentos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

En sentido semellante se expresa o artigo 35.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, que determina que, "(...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio", (neste caso, no convenio canalizador da subvención).

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal, (Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio) sen que conclúse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

(...) a realización de pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio".

Neste sentido, a base 24ª.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2026 dispón que, "poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. (...)".

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	41/66	

CONCLUSIÓNS:

PRIMEIRA. A finalidade da actuación da devandita subvención directa de carácter excepcional encaixa na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo.

Na mesma, establécese como obxectivo estratéxico o de “conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)”

Os obxectivos específicos da mesma son, entre outros, os de apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; favorecer aquelas actividades que inflúan de forma positiva na procura do benestar comunitario, na fixación de poboación no territorio, tratando de evitar o abandono do rural; así como o fomento do asociacionismo como instrumento para canalizar a organización da sociedade civil para a realización de actividades comúns.

SEGUNDA: Queda acreditada, na providencia de impulso de expediente, a excepcionalidade da actuación a subvencionar e a dificultade de acudir a unha convocatoria pública.

TERCEIRA: A documentación aportada polo representante da entidade correspóndese coa aprobada por acordo da Xunta de Goberno na data do 27 de febreiro de 2026 (modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais por importe igual ou superior de xeito individual a 15.000,00 €).

O orzamento de ingresos e gastos da actuación está incluído na propia memoria. Nesta, aínda que no apartado 2.4 (fontes de financiamento da actuación), se indica que a achega desta Deputación Provincial de 35.000,00€, se realiza a través dunha subvención nominativa, enténdese que se trata dunha subvención directa excepcional, pois é o tipo de subvención do que se achegan os modelos de solicitude e a documentación correspondente. Ademais, no orzamento aprobado por esta Deputación Provincial para o ano 2026, así como no Anexo I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), non consta ningunha subvención directa nominativa a favor da entidade beneficiaria, para a execución da actuación obxecto desta subvención.

Polo que á vista da documentación e os datos que obran neste expediente, considérase que o obxecto desta subvención atópase comprendido dentro das motivacións definidas anteriormente, e que o beneficiario reúne os requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	42/66





responsable do representante da entidade, de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

CUARTA: Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións (BDNS) coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94	Actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación.
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación

QUINTA: Consta informe favorable de intervención sobre la existencia de crédito, por importe de 35.000,00€, na aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente orzamento xeral.

SEXTA: Tendo en conta que non se aprecia risco de incumprir as obrigas que se deriven do convenio canalizador da subvención, procede, ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (relativo ao réxime xeral de garantías) e na base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta do 50% sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 17.500,00€, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio canalizador desta subvención, cumprindo os trámites establecidos ao efecto, e aboando o 50% restante, é dicir, 17.500,00€, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención. Non obstante, a conxuntura e a estratexia da estabilidade orzamentaria e/ou equilibrio orzamentario ou ben a regra de gasto, pode demandar que se demore este acto administrativo de aprobación do anticipo, cunha previa solicitude dos interesados, unha vez asinado o convenio e en función do grado efectivo de execución.

En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que o beneficiario reúne os requisitos para optar a subvención de carácter excepcional solicitada, INFORMASE FAVORABLEMENTE que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1. Que se aprobe a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 35.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS para sufragar os gastos derivados da actuación "San Lucas, Terra de Encontros", na anualidade

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	43/66



2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.

2. Que se aprobe o gasto por importe de 35.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS, para sufragar os gastos derivados da actuación “San Lucas, Terra de Encontros”, na anualidade 2026.

3. Que se aprobe o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado pola Xunta de Goberno”.

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 35.000,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS para sufragar os gastos derivados da actuación “San Lucas, Terra de Encontros”, na anualidade 2026, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 35.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN AS SAN LUCAS, para sufragar os gastos derivados da actuación “San Lucas, Terra de Encontros”, na anualidade 2026.

3º.- Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado pola Xunta de Goberno, con CSV: IV76EC2YPZ03ZO6JW74GOLQG0E”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7º.- Aprobación da excepcionalidade e outorgamento de subvención directa de carácter excepcional á Asociación Galega de Custodia do Territorio, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	44/66	



denominada “Elaboración de atlas dixital de granxas que coidan da natureza da provincia de Lugo”, anualidade 2026.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Roberto Jesús Hermida Lorenzo, en nome e representación da Asociación galega de custodia do territorio, con NIF: G27392703, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 12 de maio de 2026, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 17.000 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación denominada “Elaboración de atlas dixital de granxas que coidan da natureza da provincia de Lugo”, na anualidade 2026.

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

- na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;
- no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;
- na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;
- na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);
- na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;
- no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;
- nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;
- no Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020);
- e nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado;

queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida por Acordo da Xunta de Goberno.
2. Borrador do convenio que instrumentará a concesión da dita subvención.
3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	45/66	

13 da LXS, que levan aparelada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

4. Informe da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

5. Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da citada subvención.

6. Informe, emitido polo Servizo de Fiscalización, cuxo resultado é de conformidade.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2026, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 17.000 €, a favor da Asociación galega de custodia do territorio, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación denominada “Elaboración de atlas dixital de granxas que coidan da natureza da provincia de Lugo”, na anualidade 2026; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 – Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 17.000 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2026, en favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no apartado anterior:

- 15.242,53 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- 1.757,47 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se canaliza a citada subvención, do seguinte teor:

“CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAVOR DA ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “ELABORACIÓN DE ATLAS DIXITAL DAS GRANXAS QUE COIDAN DA NATUREZA DA PROVINCIA DE LUGO” NA ANUALIDADE 2026 (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2026)

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	46/66





Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, deputado provincial, en virtude de Resolución da Presidencia do 31 de xullo de 2026.

E doutra parte, don Roberto Jesús Hermida Lorenzo, na súa condición de presidente da beneficiaria, Asociación galega de custodia do territorio, con NIF G27392703, actuando en nome e representación da citada beneficiaria.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026, así como no ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026, prevese na Liña 13.1 – Agricultura, gandería e pesca, da Área funcional Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no rural, fomentando a implantación de políticas reais de desenvolvemento rural nas que os propios veciños trasladen as súas demandas e necesidades, de xeito que poidan emprender un xeito de vida digno e sustentable no tempo, dende un punto de vista social, económico e medio ambiental. Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico de “execución de proxectos que teñan por finalidade: o apoio á sustentabilidade do sector agrario e gandeiro; e a mellora da xestión das terras”.

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno de data de de 2026 aprobouse o convenio que canaliza a subvención excepcional outorgada, por importe de 17.000 €, a favor da beneficiaria, Asociación galega de custodia do territorio, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	47/66	

“Elaboración de atlas dixital de granxas que coidan da natureza da provincia de Lugo”, na anualidade do 2026.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4190.789, por importe de 15.242,53 €, e na aplicación orzamentaria 4190.48900, por importe de 1.757,47 €, ambas do vixente Orzamento Xeral da Deputación, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actuación de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación “Elaboración de atlas dixital de granxas que coidan da natureza da provincia de Lugo”, na anualidade 2026. Esta actuación consiste na elaboración dun atlas dixital de granxas que coidan da natureza na provincia de Lugo, como ferramenta de identificación, caracterización e visibilización das granxas comprometidas coa custodia do territorio, a conservación da natureza e a produción sustentable.

Tamén constitúe o obxecto da subvención a realización de distintas actividades de presentación, difusión e comunicación do proxecto.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 17.895 €, coa seguinte desagregación:

- Gastos de investimento: 16.045 €

- Gastos correntes: 1.850 €

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.

Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	48/66	



Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 17.000 €, dos cales 15.242,53 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789, e 1.757,47 con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900, ambas do vixente Orzamento Xeral.

A dita cantidade de 17.000 € fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia beneficiaria.

- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.

- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.

- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.

Do/a Beneficiario/a:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.

Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario/a.

- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	49/66	

A realización da actuación subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
 - Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.
- Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co/coa beneficiario/a.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co/coa beneficiario/a deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión nesta subvención.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	50/66





Quinta.- Control económico, supervisión, seguimiento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimiento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.

A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2027.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarada decaída no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	51/66



algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2026.

Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación (no caso dos gastos de investimento), debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente- contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	52/66





- ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desagregados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

- ANEXO III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.

Declaración responsable que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

- No caso dos gastos correntes, facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

- No caso dos gastos de investimento, facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	53/66	

- No caso de gastos de combustible as facturas deberán reflectir expresamente a/s matricula/s do/s vehículo/s e deberá acreditarse a titularidade do/s vehículo/s do/a beneficiario/a.

- Dúas fotografías do investimento realizado.

- No caso dos gastos de investimento, ANEXO IV. Compromiso do/a beneficiario/a de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes que interveñen actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago “en efectivo” ou “pagado en caixa”.

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións e 40.000,00 € -sen IVE- en obras).

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	54/66





- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora deivindicados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o/a beneficiario/a ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo/a beneficiario/a, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado polo/a beneficiario/a. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora deivindicados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página 55/66	

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	56/66





circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá carrexar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94.9	Outras actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	57/66



Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	58/66





orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos/as beneficiarios/as das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo/a beneficiario/a das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 8.500 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24^a.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios/as cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	59/66



calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo o/a beneficiario/a deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá xuntar, á documentación remitida pola beneficiaria, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado pola beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Segunda.- Bens inventariables.

De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público, seguiranse as seguintes regras:

- A beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
- O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.

Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 15 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe”.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	60/66	



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ADXUNTO/A ENCARGADO/A RÉXIME INTERIOR E CUSTODIA, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don José Rodríguez Pérez, Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Lugo, que ocupa o posto de Coordinador/a Xefe/a II Portería e Reprografía, solicitou a permanencia no servizo activo en data 27 de xuño de 2025, aprobado por Acordo de Xunta de Goberno de data 5 de setembro de 2025, prorrogándose ata o 22 de outubro de 2026.

Tendo en conta as consideracións de dereito formuladas no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos que sinala:

2.1.- O artigo 68 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

2.2.- A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa”.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	61/66



A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e tres meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e tres meses	66 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, tendo presente que Don José Rodríguez Pérez, terá acreditado, á data 22 de outubro de 2026, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don José Rodríguez Pérez, con efectividade do día 22 de outubro de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CUMPRIMENTO DE RESOLUCIÓNS XUDICIAIS DITADAS NO PA 249/2024 E ETX 21/2026.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que en data 08-05-2025 o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo ditou Sentenza nº 77/2025 no Procedemento Abreviado 249/2024, co seguinte fallo:

“Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de D. I**** A***** C***** frente a la EXCMA.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	62/66





DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO seguido ante este Juzgado como PROCESO ABREVIADO número 249/2024, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro contraria a Derecho, por lo que la anulo; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al actor en la suma de 349,98 euros; importe incrementado en los intereses legales devengados desde el 27 de febrero de 2024 y hasta su completo pago.

Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado del actor.

Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”.

Tendo en conta o anterior, esta Asesoría Xurídica en data 15-05-2025 remitiu oficio ao Servizo de Intervención solicitando certificación de existencia de crédito suficiente do importe da franquía para o cumprimento da resolución xudicial.

En contestación á anterior solicitude, con data 19-05-2025 o Servizo de Intervención procede á devolución do expediente informando o seguinte:

“O 13.02.2025 estimouse, por resolución presidencial desta Deputación, a solicitude de indemnización por danos e prexuízos formulada por I***** A***** C***** por importe de 300 € (franquía), polo mesmo motivo indicado na causa da sentenza. Dita indemnización foi pagada o 11.03.25, segundo consta no GTM: 2024/PES_03/003583”.

Dado que esta Asesoría Xurídica descoñecía a existencia da resolución da Presidencia de data 13-02-2025 – posterior á data da celebración da vista o 13-01-2025– o 26-05-2025 dirixiu oficio a Intervención para deixar sen efecto a solicitude de certificación de existencia de crédito e informou á Unidade de Coordinación de Xestión Territorial de que debía dar traslado da sentenza á entidade aseguradora para que procederan coa tramitación correspondente.

Posteriormente, con data 17-07-2025 se dita Decreto polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo aprobando a taxación de custas por importe de 242,00 euros, a cuxo pago foi condeada a Deputación Provincial de Lugo. O devandito Decreto adquiriu firmeza mediante Dilixencia de Ordenación de data 01-09-2025.

En data 22-07-2026 se notifica á Deputación Provincial de Lugo Dilixencia de Ordenación de data 16-07-2026 no procedemento Execución de Títulos Xudiciais 21/2026 co seguinte teor:

“Presentado escrito por el Procurador José Ángel Pardo Paz, en nombre y representación de I***** A***** C*****, promoviendo incidente de ejecución del

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA		Página	63/66	

decreto de fecha 8/06/2025, dictado en el Procedimiento Abreviado 249/2024 y concurriendo los presupuestos y requisitos procesales exigidos, acuerdo:

-Formar con dicha petición y con copia de la citada resolución, Incidente de Ejecución de Títulos Judiciales, el cual queda registrado bajo el número 21/2026.

-Requerir a la DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, mediante la notificación de la presente a su representación procesal, para que en el plazo improrrogable de VEINTE DÍAS formule alegaciones a la solicitud de ejecución promovida, y ponga en conocimiento de este Juzgado los siguientes extremos:

a) Procedimiento seguido para la ejecución de la resolución mencionada en el párrafo primero de la presente, y medidas que han sido adoptadas hasta la fecha.

b) Órgano administrativo que ha de responsabilizarse de realizar las actuaciones.

c) Plazo que se prevé para su total y exacto cumplimiento”.

Á vista de todo canto se deixa exposto, esta Asesoría Xurídica trasladou ao órgano xestor do expediente – Unidade de Coordinación e Xestión Territorial – a Dilixencia de Ordenación ditada na Execución de Títulos Xudiciais a fin de que tramitara coa aseguradora o pago das cantidades reclamadas.

A correduría de seguros, unha vez revisada a petición, manifestou por correo electrónico en data 13-08-2026 o seguinte:

/.../

En relación con este expediente, hemos estado revisando los antecedentes de este expediente y hemos escalado la situación a los responsables de MAPFRE para ver si podemos llegar a un acuerdo. Os indico antecedentes de fechas/hechos sobre este expediente:

- 02/04/2024: Se comunica expediente patrimonial a Mapfre
- 22/04/2024: MAPFRE asume responsabilidad y solicita datos
- 29/01/2025: Diputación retoma expediente tras fallecimiento de Alejandro
- 17/02/2025: Se traslada resolución estimatoria y datos de pago a Mapfre
- 11/03/2025: Se remite nueva cuenta bancaria de reclamante
- 03/04/2025: MAPFRE abona principal descontada franquicia (49,98 €) Esta información la sacamos directamente de la web de Mapfre
- 15/05/2025: Asesoría Jurídica nos remite sentencia del procedimiento No tenemos antecedentes de que nos hubieran trasladado emplazamiento, seguramente el emplazamiento se comunicó directamente a la compañía
- 15/05/2025: Solicitamos información al tramitador de la Diputación porque no teníamos constancia de que se hubiera interpuesto recurso
- 15/05/2025: Tramitador indica que no tenía conocimiento de este procedimiento. Además, indica que el abogado cuenta con resolución estimatoria por vía administrativa
- 26/05/2025: Diputación nos remite oficios de intervención y asesoría jurídica de sentencia estimatoria
- 05/08/2025: Diputación remite decreto de tasación de costas
- 05/08/2025: Remitimos a compañía sentencia y decreto de tasación de costas indicando que desconocemos el motivo de que se hubiera interpuesto recurso

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	64/66





- 27/07/2026: Solicitamos información a compañía sobre pago costas e intereses Como podéis comprobar se debió solapar el pago del expediente en vía administrativa con la comunicación del emplazamiento.

Me traslada mi responsable que lo más probable es que este asunto se demore con motivo del período vacacional de las personas responsables. Con el objetivo de evitar más contratiempos se debería valorar que desde la Diputación de Lugo lo asuma directamente para resolver el problema mientras se sigue tratando con Mapfre”.

Visto o indicado pola correduría, con data 19-08-2026 se solicita á Unidade de Coordinación e Xestión Territorial que informe si se emprazou no procedemento xudicial á aseguradora, oficio ao que contestan en data 20-08-2026 indicando que debido a un erro sobrevido non se levou a cabo o emprazamento xudicial a Mapfre.

Considerando por tanto, a necesidade de dar cumprimento á Sentenza nos termos contidos no seu fallo, existindo o requirimento efectuado á Deputación no Procedemento Execución de Títulos Xudiciais 21/2026, e con independencia de que se intente negociar coa entidade aseguradora as cantidades derivadas deste sinistro, a Deputación Provincial de Lugo deberá aboar no Xulgado á maior brevidade posible o importe de 242,00 euros en concepto de custas procesuais aos que foi condeada.

Vista a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento das devanditas cantidades comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno propónse:

- O ingreso da cantidade de 242,00 euros en concepto de custas procesuais na conta de consignacións do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº 1 de Lugo cos seguintes datos:

Nº de conta: ES55 0049 3569 9200 0500 1274

Concepto: 2310000095002126

Observacións: Pago custas procesuais”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	65/66



E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Fecha y Hora	07/09/2026 14:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76EPYNL5X35SGZ6EOWIR2TGA	Página	66/66	